



**FORCADELA**

**10** de Marzo do ano 1198 Fernán Gómez fixo doazón ao Mosteiro de Oia, entre outras cousas, de canto tiña e lle pertencía na Igrexa de Sn. Pedro de Forcadela. Despois, en 28 de Xuño de 1331, o mesmo Mosteiro deu en cambio ao Sor. Bispo Dn. Rodrigo esta Igrexa e outras que eran do seu padroado pola de Sn. Mamede de Pedornes, que lle entregou ao Prelado. Venera Forcadela por Patrón tutelar ao Apóstolo Sn. Pedro, a quen celebran o 29 de Xuño. Habitana 168 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo Pobo, e polo político e gobernativo ao de Barrantes. Valen os seus décimos 14.400 reais, dos que leva o Párroco a metade enteiramente con todas as primicias e dereituras parroquiais, o Cóengo Maxistral da Catedral de Tui unha cuarta parte dos décimos, e a outra cuarta parte destes o Beneficiado sen cura que aquí hai; o primeiro ten casa reitoral e igrexario de 9 ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percibe de renda anual 1 ferrado de trigo, 1½ de miúdo e 329 reais con 20 marabedís de arrendos e foros. Pagaba antes á Mitra de Tui medio Xantar, 1 libra de cera e 100 marabedís vellós, e agora fai entrega de 21 reais. O Beneficio con cura é de presentación do Cabido Catedral de Tui vacando nos 4 meses ordinarios, e se vaca nos outros 8 provístao o Rei; e a sen cura é de padroado Real e Ordinario. Confina co río Miño. Dista da capital legua e media curta." (Ávila y La Cueva, 543).







107

## Igrexa

A actual igrexa está construída sobre a primitiva, da que nos fala o documento anterior. A súa reforma é do século XVIII e presenta as características clásicas das que foron mandadas edificar polo bispo Fernández Angulo.

É unha das freguesías que pertenceron ao Mosteiro de Oia ata 1331, en que foi permutada, xunto con outras, ao Bispo de Tui pola de Pedornes.

Igrexa dunha soa nave rectangular á que se engadiu con posterioridade o actual presbiterio como prolongación, e unha sancristía no lado norte.

A **fachada principal (105)** é de gran sinxeleza. Enmarca o eixe central nunha moldura a modo de pilastras pouco fondas que se estende ata a base da espadana. Neste encadre está a porta moldurada e cunha cornixa a modo de viseira seguindo a curva da porta. Un gran ventanal rectangular e con moldura forma o conxunto desta rúa central.

Nos extremos o mesmo estilo de pilastras, das que nace unha moldura cóncavo-convexa que vai unirse coas centrais, apoian a cornixa da mesma forma que se remata con pináculos.

Unha balaustrada voada fai de protección na espadana dun só corpo e dous ocós para sendas campás.

Remátase con outra cornixa que sustenta dúas pilastras extremas e un arco no que se basa a cruz de remate.

No **interior (107)** presenta cinco arcos de pedra apuntados que sustentan a cuberta de formigón. Os paramentos e o teito están revocados e pintados. Unha moldura en pedra percorre



108



109



110



111

toda a nave á altura onde comeza a curvatura dos arcos. Tamén ten un zócalo de pedra.

O arco triunfal é de medio punto e, na que sería a clave, ten a data da súa construción: 1901.

No centro da bóveda da capela maior ten un octógono do que parten nervos ata os paramentos laterais.

O retablo maior, ao igual que o que ten na actualidade a Virxe do Carme, é de estilo barroco. Catro columnas salomónicas forman as rúas laterais. A fornela central está presidida polo Corazón de Xesús sobre un escalonamento rematado por un pequeno baldaquino de outras 4 columnas salomónicas. O patrón S. Pedro está na fornela da rúa lateral dereita, e na esquerda S. Xosé co Neno.

A rúa central, ademais da gran fornela central, ten dúas peñas que sosteñen dúas fermosas imaxes dentro de campás de vidro: o **Neno Xesús de Praga** (113) e a **Virxe co Neno** (112).

No ático ten outras tres fornelas.

Na nave conserva catro retablos máis. Nun atópase a **Virxe do Carme** (108), aínda que non é o seu propio, xa que o seu escudo aparece no que acolle a **Inmaculada** (109). Nos outros dous están a **Virxe da Escravitude** (110) e a **Dolorosa** (111). Neste último hai un releve das Ánimas do Purgatorio.

É de destacar o bo traballo que presenta algunha das imaxes máis antigas, como pode ser o S. Pedro, S. Bieito e Sto. Antonio de Padua. Tallas barrocas en madeira e de moi boa factura.

Tamén a beleza sinxela da **Virxe da Escravitude** (114).

No adro hai un cruceiro de recente factura. Foi inaugurado o 27 de agosto de 1995 segundo consta na súa basa. Ten no pé un releve de S. Pedro.

A última restauración foi en 1974.

#### FESTAS E ROMAXES DE FORCADELA

- S. Pedro: Último domingo de xuño.
- Nosa Señora da Escravitude: 1º domingo de setembro.

